

ACTA 02/26 DA XUNTA ELECTORAL **DA FEDERACION GALEGA DE XADREZ**

A 28 de xullo de 2026, sendo as 10:00 horas, reúnese a Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, válidamente constituida, co fin de proceder á aprobación do censo electoral definitivo e adoptar os acordos oportunos relativos á presentación de candidaturas á Asemblea Xeral, conforme ao regulamento electoral da Federación Galega de Xadrez.

A Xunta Electoral adopta os seguintes

ACORDOS:

- **Aprobación do censo electoral definitivo da Federación Galega de Xadrez, correspondente co proceso electoral 2026**

Non figurando reclamación alguna ao censo electoral provisional da Federación Galega de Xadrez, dentro do prazo regulamentariamente establecido, o censo electoral provisional queda elevado a definitivo

No censo electoral definitivo téñense en conta os acordos reflexados na acta número 1 da Xunta Electoral

- **Publicación do censo electoral definitivo**

Dispónse a publicación do censo electoral definitivo nos mesmos lugares e medios previstos regulamentariamente, permanecendo exposto ata o día de celebración das votacións á Asemblea Xeral

- **Presentación de candidaturas á Asemblea Xeral**

De conformidade co previsto no Regulamento Electoral, faise constar que podrán presentar candidatura a membro da Asemblea Xeral todas aquelas persoas físicas ou xurídicas incluídas no censo electoral definitivo, persoalmente ou con escrito dirixido á Xunta Electoral, ata o día 4 de agosto

- **Remisión á Secretaría Xeral para o Deporte**

Remitir o presente acordo e o censo electoral definitivo á Secretaría Xeral para o Deporte

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:00 horas, levántase a sesión

Presidente




José Manuel Pérez Prego

Secretaria



Ana Mª Iglesias Casal

Vogal



Mª Dorinda Garaboa Paz